# PROGRAMA 16

VIERNES 24 DE MARZO 2023 - 20H.

SÁBADO 25 DE MARZO 2023 - 20H.

## Orquesta Nacional de España



22/23

SINFÓNICA DE GALICIA

# PROGRAMA 16

VI 24.03.23

20h

Palacio de la Ópera - A Coruña

SA 25.03.23

20h

Palacio de la Ópera - A Coruña

## I
## BENET CASABLANCAS (1956)

Concierto para violín (30')
- The Door in the Wall - (H. G. Wells)

I. Intrada - Tranquillo (quasi senza tempo)
II. Allegro capriccioso
III. Notturno. Canto
IV. Finale - Con moto, poco scherzando
V. Epilogo. Stretta - Allegro scorrevole

OBRA ENCARGO DE LA ORQUESTA Y CORO NACIONALES DE ESPAÑA Y EL CENTRO NACIONAL DE DIFUSIÓN MUSICAL

Centro Nacional de Difusión Musical CNDM

## II
## ANTON BRUCKNER (1824-1896)

Sinfonía nº 6 en la mayor, WAB 106 (55')
(Edición Nowak)

I. Majestoso
II. Adagio. Sehr feierlich
III. Scherzo. Nicht schnell) - Trio. Langsam
IV. Finale. Bewegt, doch nicht zu schnell

Leticia Moreno, violín

David Afkham, director

Orquesta Nacional de España

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE
inaem INSTITUTO NACIONAL DE LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA
ORQUESTA Y CORO NACIONALES DE ESPAÑA

# BENET CASABLANCAS:

## CONCIERTO PARA VIOLÍN (2021-22)

Benet Casablancas es uno de los compositores europeos más respetados y también más activos de la actualidad. Su música tiene presencia regular en salas de concierto de todo el mundo y una parte de su obra es relativamente accesible a través de discos grabados por intérpretes de primer nivel. En su catálogo predomina la música instrumental, aunque también ha hecho incursiones en el terreno de la ópera y de la música vocal. Ha sido distinguido con diversos premios, incluyendo el Nacional de Música en 2013, recibe encargos regularmente y ha sido compositor residente de diversos festivales y orquestas, al tiempo que también es docente y ensayista. En esta última faceta, cabría destacar sus dos sólidos estudios musicológicos publicados, respectivamente, en 2014 y 2020, uno dedicado al humor en la música y el otro a los paisajes musicales del romanticismo.

Es además cercano y extravertido, así que está dispuesto a comentar con afabilidad sus propias composiciones, en particular las que, como es el caso del *Concierto para violín*, se presentan por primera vez.

Según subraya en varios puntos de la conversación, la comunicación y la audiencia son para él factores fundamentales en lo que respecta a su quehacer creativo. Cuando escribe música, no se dirige solo a la crítica o a quienes siguen de forma intensa la creación contemporánea, sino que su idea de audiencia es, sobre todo, la parte del público formada por quienes adquieren los abonos para asistir a conciertos y óperas y que son, en última instancia, quienes hacen posible la vida musical. No obstante, esta consideración cuenta con dos límites: su propia individualidad como creador —no estamos hablando de hacer «concesiones solo para facilitar la escucha, sino de tener siempre presente la inteligibilidad del discurso»— y la individualidad de cada una de las personas que conforman dicha audiencia, quienes siempre se acercan a un estreno contando con experiencias sonoras y sensibilidades que, de forma inevitable, son únicas e imposibles de compartir.

La aventura de descubrir una obra que se escucha por primera vez, en este caso, es, en cierta manera, compartida por el compositor, los músicos y también el público, puesto que este *Concierto para violín* fue estrenado el pasado día 17 de marzo en el Auditorio Nacional tocado por los mismos intérpretes que lo presentan esta noche en el Palacio de la Ópera coruñés. Y, para lanzarnos a esa aventura, contamos, felizmente, con algunas pistas proporcionadas por el propio compositor. Se trata de la cuarta obra perteneciente

al género concierto firmada por Casablancas y la primera que se sirve de un formato sinfónico. Tratándose de una partitura de carácter concertante, no sorprende que sea la parte de violín la que, según subraya el propio compositor, es el «hilo conductor» de la obra y, por lo tanto, del propio discurso musical.

Por una parte, la solista —Leticia Muñoz Moreno, una de las dedicatarias del concierto— ha de exponer una línea que se expande a lo ancho de todo su registro y que exige un fraseo fluido y natural y un notable virtuosismo. Compositor y violinista se conocen desde hace varios años, así que hay algo de la intensa y marcada personalidad de la instrumentista en la parte que le ha sido confiada. Por otra parte, la orquesta —la Orquesta Nacional de España, de quien partió el encargo, y su director titular, David Afkham, que es igualmente dedicatario de la obra— proporciona, con las palabras del autor, «atmósfera, profundidad de campo y diversidad tímbrica y de texturas». Hay momentos en los que sirve para sostener procesos sonoros que se dilatan a lo largo de una duración considerable y otros en los que se explota la generación de toda la energía rítmica de la que una orquesta sinfónica es capaz. Se dan episodios puntuales en los que asume el protagonismo, en ocasiones transformada en un *ensemble* de cámara, y otros en los que dialoga con el violín solista, aunque, como apuntábamos, la partitura le otorga a este instrumento la primacía absoluta. Usando una metáfora habitual en las artes plásticas, podríamos quizá decir que el violín es la «figura» que se destaca y recorta ante el «paisaje» sonoro proporcionado por la orquesta.

La estructura de este concierto para violín conforma un arco simétrico, compuesto por cinco partes que se suceden sin solución de continuidad: una «entrada» y un «epílogo» que enmarcan tres movimientos centrales más desarrollados. La reminiscencia de la tradición histórica del género concierto para solista y orquesta es evidente en esta configuración formal, que se da a escuchar a través de una imagen sonora en la que predomina la sofisticación tímbrica y el contraste como principio organizativo básico del discurso. Esto es particularmente evidente en la relación que se establece entre el movimiento central, «Notturno. Canto», y el *finale* «Con moto, poco scherzando». Mientras que esa tercera parte se prolonga, según describe Casablancas, en un tempo «lento y de carácter extático, en el que el cantábile del violín lo domina todo», el *finale,* lo que persigue es ofrecer una experiencia sonora de carácter más «lúdico y chispeante».

Ese movimiento contiene una especie de brecha de realidad, provocada por el inicio de la invasión de Ucrania. El compositor decidió hacerse eco de esta tragedia insertando un interludio contrastante que, en la partitura, se marca con la anotación «como una canción

tradicional infantil ucraniana». Es, literalmente, una «reminiscencia soñada», puesto que fue de verdad «soñada» por el compositor; soñada e imaginada: se trata de una melodía inventada y que no ha sido extraída de ningún cancionero. Se trata de un delicado canto pentatónico que el violín expone envuelto por las cuerdas, a las que se les pide que consigan una intensidad de *pianissisimo* que incluso llega a las cuatro p. Resulta llamativo que esta «invasión», por así decirlo, de la realidad en el proceso se haya dado en una obra musical que reproduce en epígrafe el título de un cuento de H. G. Wells titulado *The Door in the Wall* (1911). El narrador relata la obsesión de un amigo, provocada por una experiencia de infancia. Cuando tenía cinco años, se encontró con una puerta verde en una pared blanca de una calle de Londres. Al traspasar su umbral, penetró en un jardín de ensueño, donde una muchacha le contó la historia de su propia vida. Cuando el relato alcanza el punto en el que se encuentra con la puerta verde, el niño vuelve a una realidad marcada por el fallecimiento de su madre y un padre demasiado materialista y severo, que confunde la desbordante imaginación de su hijo con mentiras que hay que corregir y castigar. Independientemente del desenlace del cuento, que no vamos a desvelar aquí, esa puerta verde también podría entenderse como una metáfora de aquello que el arte ofrece: la posibilidad, en las palabras de Casablancas, de «acceder a un nivel de conciencia que está más allá de la vida cotidiana y descubrir territorios de nuestra propia sensibilidad de los que quizá no somos conscientes».

## ANTON BRUCKNER:

### SINFONÍA Nº 6 (1879-1881)

La segunda parte de este programa está dedicada a Anton Bruckner y a una de sus sinfonías menos frecuentadas, la sexta. Esto resulta de una sugerencia del propio Casablancas, después de que el maestro David Afkham le comentase que era uno de los compositores a los que quería dar especial relevancia en la temporada. Para Casablancas, la sexta es una de las obras maestras del catálogo bruckneriano y la más compacta y concisa. La personalidad del compositor austríaco es, en su opinión, única y se plasma en un ciclo sinfónico que constituye «una de las aportaciones más extraordinarias a la historia de la música», además de la «verdadera culminación del sinfonismo centroeuropeo originado a finales del siglo XVIII». Esta lectura de las sinfonías de Bruckner como depositarias de una tradición destaca su profundo vínculo formal, estético y estilístico con Beethoven, antes incluso que con Wagner, a pesar de que las concomitan-

cias con el avanzado lenguaje armónico y algunos giros motívicos y citas de aquel sean igualmente detectables (por ejemplo, en la sexta, el célebre trecho de *Tristan und Isolde* conocido como *Liebestod* es aludido en el último movimiento). También Schubert fue una referencia para Bruckner, sobre todo en lo que concierne a la organización del discurso musical a través de la yuxtaposición de amplias secciones de carácter extático pero que van siempre en dirección de un clímax final y también en el lirismo que impregna muchas de sus páginas sinfónicas.

No obstante, Bruckner no fue un mero epígono. Reformó y actualizó la sinfonía, hasta el punto de que se le puede achacar la revitalización posterior del género: no es casualidad que en la sexta escuchemos en varios puntos una prefiguración de trechos memorables de las sinfonías de Gustav Mahler, que fue su alumno en el Conservatorio de Viena. En las manos de Bruckner, el género, basado en lo que se suele denominar la forma de sonata —o, en ocasiones, el estilo sonata— dio un espectacular salto hacia delante basado principalmente en la aplicación de un tipo de organización de carácter cíclico y expandido que garantiza la cohesión entre movimientos y a lo largo de porciones bastante dilatadas de tiempo.

A la sexta, le precedió un perseverante trabajo, plasmado por otras cuatro sinfonías, de la segunda a la quinta, que fueron compuestas entre 1871 y 1876. La recepción de ese esfuerzo no fue unánime y tampoco estuvo exenta de cierto grado de incomprensión. No es extraño, por lo tanto, que, incluso hoy en día, se pueda vivir una especie de conversión a Bruckner, como la que experimentó el mítico Bruno Walter. Según recuerda en su autobiografía, durante muchos años, consideró que la obra bruckneriana era formalmente «ininteligible, desproporcionada, exagerada y primitiva». En esto, mostraba de forma implícita la pervivencia de la influencia de una parte de la crítica contemporánea de Bruckner que describió su obra en términos similares. Durante una enfermedad y la consiguiente convalecencia cambió de opinión. Pasó entonces a apreciar «en la sustancia melódica, en los clímax imponentes y en el mundo emocional de sus sinfonías, la gran alma de su creador, piadosa e infantil» y a admirar su «belleza» y su sugestivo «poder simbólico». Quizá sea una buena idea confiar en el juicio del maestro berlinés y dejarse arrastrar no solo por las melodías y los clímax imponentes, sino por la forma como Bruckner los va construyendo, envolviéndonos en una armonía extremadamente compleja y novedosa para la época, una orquestación monumental y un ímpetu rítmico que, en la sexta, está particularmente presente.

Por un lado, los dos movimientos centrales de esta obra contienen la faceta, por así decirlo, más narrativa de la misma. El solemne Adagio nos introduce en un mundo en

el que conviven espiritualidad (en un primer tema de corte bachiano), añoranza de un hogar ideal (en un segundo tema que parece aludir por momentos al *Idilio de Sigfrido*) y trascendencia (en el tercer tema que se desarrolla en forma de marcha fúnebre). El Scherzo empieza con un tono más épico que juguetón que da lugar a una sucesión de ideas contrastantes, marcadamente rítmicas y casi caleidoscópicas. Se contrapone al trío, más reposado y que parece aludir a un ambiente de popular. Los dos movimientos extremos sustentan la forma cíclica, cuyo impulso y desenlace es el tema inicial del primer movimiento. Al inicio, lo escuchamos en la tonalidad principal de la obra, pero con una armonía un tanto oscurecida por el uso del modo frigio, cuya sonoridad impregna toda la partitura. En la coda del último movimiento, en los últimos compases de la obra, reaparece de forma rotunda el tema inicial. Esta sinfonía es, podríamos pensar, el camino o, mejor, el devenir sonoro que nos lleva a alcanzar esa triunfante transfiguración.

**Teresa Cascudo**

# BENET CASABLANCAS:

## CONCERTO PARA VIOLÍN (2021-22)

Benet Casablancas é un dos compositores europeos máis respectados e tamén máis activos da actualidade. A súa música ten presenza regular en salas de concerto de todo o mundo e unha parte da súa obra é relativamente accesible a través de discos gravados por intérpretes de primeiro nivel. No seu catálogo predomina a música instrumental, aínda que tamén fixo incursións no terreo da ópera e da música vocal. Foi distinguido con diversos premios, entre os que se inclúe o Nacional de Música en 2013, recibe encargas con regularidade e foi compositor residente de diversos festivais e orquestras, ao tempo que tamén é docente e ensaísta. Nesta última faceta, cabería destacar os seus dous sólidos estudos musicolóxicos publicados, respectivamente, en 2014 e 2020, un dedicado ao humor na música e o outro ás paisaxes musicais do romanticismo.

É ademais próximo e extravertido, así que está disposto a comentar con afabilidade as súas propias composicións, en particular as que, como é o caso do *Concerto para violín*, se presentan por primeira vez.

Segundo subliña en varios puntos da conversa, a comunicación e mais a audiencia son para el factores fundamentais no que respecta ao seu quefacer creativo. Cando escribe música, non se dirixe unicamente á crítica ou a quen segue de forma intensa a creación contemporánea, senón que a súa idea de audiencia é, sobre todo, a parte do público formada por quen adquire os abonos para asistir a concertos e óperas e que son, en última instancia, os que fan posible a vida musical. Non obstante, esta consideración conta con dous límites: a súa propia individualidade como creador —non estamos a falar de facer «concesións só para facilitar a escoita, senón de ter sempre presente a intelixibilidade do discurso»— e a individualidade de cada unha das persoas que conforman a devandita audiencia, os que sempre se achegan a unha estrea contando con experiencias sonoras e sensibilidades que, de xeito inevitable, son únicas e imposibles de compartir.

A aventura de descubrir unha obra que se escoita por primeira vez, neste caso, é, en certa maneira, compartida polo compositor, os músicos e tamén o público, posto que este *Concerto para violín* foi estreado o pasado día 17 de marzo no Auditorio Nacional tocado polos mesmos intérpretes que o presentan esta noite no Palacio da Ópera coruñés. E, para lanzármonos a esa aventura, contamos, felizmente, con algunhas pistas proporcionadas polo propio compositor. Trátase da cuarta obra pertencente ao xénero concerto

asinada por Casablancas e a primeira que se serve dun formato sinfónico. Tratándose dunha partitura de carácter concertante, non sorprende que sexa a parte de violín a que, segundo subliña o propio compositor, é o «fío condutor» da obra e, xa que logo, do propio discurso musical.

Dunha banda, a solista —Leticia Muñoz Moreno, unha das dedicatarias do concerto— ha de expoñer unha liña que se expande ao ancho de todo o seu rexistro e que esixe un fraseo fluído e natural e un notable virtuosismo. Compositor e violinista coñécense desde hai varios anos, así que hai algo da intensa e marcada personalidade da instrumentista na parte que lle foi confiada. Doutra banda, a orquestra —a Orquestra Nacional de España, de quen partiu a encarga, e o seu director titular, David Afkham, que é igualmente dedicatario da obra— proporciona, coas palabras do autor, «atmosfera, profundidade de campo e diversidade tímbrica e de texturas». Hai momentos nos que serve para soster procesos sonoros que se dilatan ao longo dunha duración considerable e outros nos que se explota a xeración de toda a enerxía rítmica da que unha orquestra sinfónica é capaz. Danse episodios puntuais nos que asume o protagonismo, en ocasións transformada nun *ensemble* de cámara, e outros nos que dialoga co violín solista, aínda que, como apuntabamos, a partitura lle outorga a este instrumento a primacía absoluta. Usando unha metáfora habitual nas artes plásticas, poderiamos se cadra dicir que o violín é a «figura» que se destaca e recorta ante a «paisaxe» sonora proporcionada pola orquestra.

A estrutura deste concerto para violín conforma un arco simétrico, composto por cinco partes que se suceden sen solución de continuidade: unha «entrada» e un «epílogo» que enmarcan tres movementos centrais máis desenvolvidos. A reminiscencia da tradición histórica do xénero concerto para solista e orquestra é evidente nesta configuración formal, que se dá a escoitar a través dunha imaxe sonora na que predomina a sofisticación tímbrica e o contraste como principio organizativo básico do discurso. Isto é particularmente evidente na relación que se establece entre o movemento central, «Notturno. Canto», e o *finale* «Con moto, poco scherzando». Mentres que esa terceira parte se prolonga, segundo describe Casablancas, nun tempo «lento e de carácter extático, no que o cantábile do violín o domina todo», o *finale,* o que persegue é ofrecer unha experiencia sonora de carácter máis «lúdico e chispeante».

Ese movemento contén unha especie de brecha de realidade, provocada polo inicio da invasión de Ucraína. O compositor decidiu facerse eco desta traxedia inserindo un interludio contrastante que, na partitura, se marca coa anotación «como unha canción tradicional infantil ucraína». É, literalmente, unha «reminiscencia soñada», posto que foi de

verdade «soñada» polo compositor; soñada e imaxinada: trátase dunha melodía inventada e que non foi tirada de ningún cancioneiro. Trátase dun delicado canto pentatónico que o violín expón envolto polas cordas, ás que se lles pide que consigan unha intensidade de *pianissisimo* que mesmo chega aos catro p. Resulta rechamante que esta «invasión», por así dicilo, da realidade no proceso se dese nunha obra musical que reproduce en epígrafe o título dun conto de H. G. Wells titulado *The Door in the Wall* (1911). O narrador relata a obsesión dun amigo, provocada por unha experiencia de infancia. Cando tiña cinco anos, atopouse cunha porta verde nunha parede branca dunha rúa de Londres. Ao traspasar o seu limiar, penetrou nun xardín de soños, onde unha rapaza lle contou a historia da súa propia vida. Cando o relato acada o punto no que se atopa coa porta verde, o neno volve a unha realidade marcada polo pasamento da súa nai e un pai demasiado materialista e severo, que confunde a desbordante imaxinación do seu fillo con mentiras que hai que corrixir e castigar. Independentemente do desenlace do conto, que non imos desvelar aquí, esa porta verde tamén podería entenderse como unha metáfora daquilo que a arte ofrece: a posibilidade, nas palabras de Casablancas, de «acceder a un nivel de conciencia que está máis alá da vida cotiá e descubrir territorios da nosa propia sensibilidade dos que quizais non somos conscientes».

## ANTON BRUCKNER:

### SINFONÍA Nº 6 (1879-1881)

A segunda parte deste programa está dedicada a Anton Bruckner e a unha das súas sinfonías menos frecuentadas, a sexta. Isto resulta dunha suxestión do propio Casablancas, despois de que o mestre David Afkham lle comentase que era un dos compositores aos que lles quería dar especial relevancia na temporada. Para Casablancas, a sexta é unha das obras mestras do catálogo bruckneriano e a máis compacta e concisa. A personalidade do compositor austríaco é, na súa opinión, única e plásmase nun ciclo sinfónico que constitúe «unha das contribucións máis extraordinarias á historia da música», ademais da «verdadeira culminación do sinfonismo centroeuropeo orixinado a finais do século XVIII». Esta lectura das sinfonías de Bruckner como depositarias dunha tradición destaca o seu fondo vínculo formal, estético e estilístico con Beethoven, antes mesmo que con Wagner, malia que as concomitancias coa avanzada linguaxe harmónica e algúns xiros motívicos e citas daquel sexan igualmente detectables (por exemplo, na sexta, o célebre treito de *Tristan und Isolde* coñecido como *Liebestod* é aludido no derradeiro movemento). Tamén Schubert foi unha referencia para Bruckner, sobre todo no que concirne á orga-

nización do discurso musical a través da xustaposición de amplas seccións de carácter extático pero que van sempre en dirección dun clímax final e tamén no lirismo que impregna moitas das súas páxinas sinfónicas.

Non obstante, Bruckner non foi un simple epígono. Reformou e actualizou a sinfonía, ata o punto de que se lle pode achacar a revitalización posterior do xénero: non é casualidade que na sexta escoitemos en varios puntos unha prefiguración de treitos memorables das sinfonías de Gustav Mahler, que foi o seu alumno no Conservatorio de Viena. Nas mans de Bruckner, o xénero, baseado no que se adoita denominar a forma de sonata —ou, en ocasións, o estilo sonata— deu un espectacular salto cara a diante baseado principalmente na aplicación dun tipo de organización de carácter cíclico e expandido que garante a cohesión entre movementos e ao longo de porcións bastante dilatadas de tempo.

Á sexta, precedeulle un perseverante traballo, plasmado por outras catro sinfonías, da segunda á quinta, que foron compostas entre os anos 1871 e 1876. A recepción dese esforzo non foi unánime e tampouco estivo exenta de certo grao de incomprensión. Non é estraño, xa que logo, que, mesmo hoxe en día, se poida vivir unha especie de conversión a Bruckner, como a que experimentou o mítico Bruno Walter. Segundo lembra na súa autobiografía, durante moitos anos, considerou que a obra bruckneriana era formalmente «inintelixible, desproporcionada, esaxerada e primitiva». Nisto, amosaba de forma implícita a pervivencia da influencia dunha parte da crítica contemporánea de Bruckner que describiu a súa obra en termos similares. Durante unha enfermidade e a conseguinte convalecencia mudou de opinión. Pasou daquela a apreciar «na substancia melódica, nos clímax impoñentes e no mundo emocional das súas sinfonías, a grande alma do seu creador, piadosa e infantil» e a admirar a súa «beleza» e mais o seu suxestivo «poder simbólico». Quizais sexa unha boa idea confiar no xuízo do mestre berlinés e deixarse arrastrar non soamente polas melodías e os clímax impoñentes, senón pola forma como Bruckner os vai construíndo, envolvéndonos nunha harmonía extremadamente complexa e nova para a época, unha orquestración monumental e un ímpeto rítmico que, na sexta, está particularmente presente.

Dunha banda, os dous movementos centrais desta obra conteñen a faceta, por así dicilo, máis narrativa desta. O solemne Adagio introdúcenos nun mundo no que conviven espiritualidade (nun primeiro tema de corte bachiano), morriña dun fogar ideal (nun segundo tema que semella aludir por momentos o *Idilio de Sigfrido*) e transcendencia (no terceiro tema que se desenvolve en forma de marcha fúnebre). O Scherzo comeza cun ton máis épico que xogador, que dá lugar a unha sucesión de ideas contrastantes, marcadamente

rítmicas e case caleidoscópicas. Contraponse ao trío, máis repousado e que semella aludir a un ambiente de popular. Os dous movementos extremos sustentan a forma cíclica, cuxo impulso e desenlace é o tema inicial do primeiro movemento. Ao inicio, escoitámolo na tonalidade principal da obra, pero cunha harmonía un tanto escurecida polo uso do modo frixio, cuxa sonoridade impregna toda a partitura. Na coda do derradeiro movemento, nos últimos compases da obra, reaparece de forma rotunda o tema inicial. Esta sinfonía é, poderiamos pensar, o camiño ou, mellor, o devir sonoro que nos leva a acadar esa triunfante transfiguración.

**Teresa Cascudo**



# DAVID AFKHAM

## DIRECTOR TITULAR Y ARTÍSTICO

### ORQUESTA Y CORO NACIONALES DE ESPAÑA

David Afkham es director titular y artístico de la Orquesta y Coro Nacionales de España desde septiembre de 2019, tras su exitoso mandato como director titular desde 2014. Su trabajo con la OCNE hasta el momento ha incluido interpretaciones, aclamadas por la crítica, de *Gurrelieder* de Schoenberg, *Sinfonía n° 6* de Mahler y *Sinfonía n° 9* de Bruckner, *Sinfonía fantástica* de Berlioz, *Réquiem* de Brahms, *Die Schöpfung* de Haydn, *Misa en si menor* de Bach, así como varios estrenos mundiales y proyectos semiescénicos como *El holandés errante* de Wagner, *Elektra* y *Salomé* de Strauss, *La Pasión según san Mateo* de Bach y *El castillo de Barba Azul* de Bartók.

Nacido en Friburgo (Alemania) en 1983, David Afkham tiene una gran demanda como director invitado en algunas de las mejores orquestas y teatros de ópera del mundo, y se ha ganado la reputación de ser uno de los directores más solicitados de Alemania en los últimos años.

Sus compromisos futuros más destacados como director invitado incluyen invitaciones para su regreso a la Orquesta de Minnesota, la Sinfónica de Chicago y la Filarmónica de Copenhague. En la temporada 2022/23, David también dirigirá *Arabella* de Strauss en el Teatro Real de Madrid.

Como director de ópera, David Afkham hizo un notable debut en el Festival de Ópera de Glyndebourne en 2014 con *La Traviata* de Verdi, y luego revivió la producción con representaciones en todo el Reino Unido e Irlanda para Glyndebourne on Tour. En 2017 dirigió *Bomarzo* de Ginastera en el Teatro Real de Madrid en una nueva producción de Pierre Audi, con elogios unánimes de la crítica y una inmediata re-invitación. En la temporada 18/19 hizo su debut en la ópera alemana en Ópera de Frankfurt con *Hänsel & Gretel* de Humperdinck, seguida de la Ópera de Stuttgart con *El holandés errante* de Wagner. Abrió su temporada 19/20 en el Theatre an der Wien con *Rusalka* de Dvorák.

David Afkham comenzó sus clases de piano y violín a los seis años en su Friburgo natal. A los quince ingresó en la Universidad de Música de su ciudad para realizar estudios de piano, teoría musical y dirección, y continuó sus estudios en la Escuela de Música Liszt en Weimar. Afkham fue el primer receptor del «Fondo Bernard Haitink para jóvenes talentos» y ayudó al maestro Bernard Haitink en varios proyectos importantes, incluidos ciclos sinfónicos con la Sinfónica de Chicago, Orquesta del Concertgebouw de Ámsterdam y la Orquesta Sinfónica de Londres. Fue el ganador del Concurso de Dirección Donatella Flick de 2008 en Londres y fue el ganador inaugural del Premio a Jóvenes Directores del Festival de Nestlé y Salzburgo en 2010. Afkham fue director asistente de la Gustav Mahler Jungendorchester en el período 2009-2012.

